



## **Circular 1/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan para o curso 2020-2021 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.**

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2. Esta norma dispón que a consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, establece os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na Instrución para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2020-2021 dispúxose que na elaboración, administración e avaliación das probas para a obtención dos certificados dos niveis regulados no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, para o curso 2020-2021, será de aplicación o procedemento establecido na Circular 8/2019.

Así mesmo, a Orde do 18 de febreiro de 2011 (DOG do 26 de abril), pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece un itinerario formativo por medio dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC), e as probas para a acreditación do nivel acadado polo profesorado asistente a estes cursos.

Co obxecto de organizar, para o curso 2020-2021, as probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, que inclúen o alumnado inscrito nos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) e o alumnado do programa CUALE, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional dita as seguintes instrucións:

### **1. PROBAS DE CERTIFICACIÓN**

O Decreto 81/2018, establece que a consellería competente en materia de educación organizará, polo menos, unha convocatoria anual de probas para a obtención dos certificados de competencia xeral dos niveis e idiomas impartidos no seu ámbito de xestión.

Estas probas, comúns para todos os réximes e modalidades, administraranse en convocatoria ordinaria para o alumnado do réxime presencial e única para o alumnado





do réxime libre. A convocatoria extraordinaria administrárase unicamente para o alumnado do réxime oficial, o alumnado dos cursos CALC e do programa CUALE.

Procede, polo tanto, convocar as probas de certificación 2020-2021 para a obtención dos certificados dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, de acordo coas instrucións que figuran nesta circular.

### 1.1. Nivel básico A2

1.1.1. As probas de certificación de nivel básico A2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel básico A2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.1.2. No curso 2020-2021 administráranse probas de certificación de nivel básico A2 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.1.3. As probas de certificación do nivel básico A2 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel básico A2*, que pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia\\_informativa\\_especificacions\\_nivel\\_basico\\_a2\\_eoi\\_galicia\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_especificacions_nivel_basico_a2_eoi_galicia_2021.pdf) .

### 1.2. Nivel intermedio B1

1.2.1. As probas de certificación de nivel intermedio B1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.2.2. No curso 2020-2021 administráranse probas de certificación de nivel intermedio B1 nos idiomas alemán, árabe, chinés, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso e xaponés.

1.2.3. As probas de certificación do nivel intermedio B1 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B1*, que pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia\\_informativa\\_especificacions\\_nivel\\_intermedio\\_b1\\_eoi\\_galicia\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_especificacions_nivel_intermedio_b1_eoi_galicia_2021.pdf)

### 1.3. Nivel intermedio B2

1.3.1. As probas de certificación de nivel intermedio B2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel intermedio B2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.





1.3.2. No curso 2020-2021 administraranse probas de certificación de nivel intermedio B2 nos idiomas alemán, árabe, español como lingua estranxeira, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

1.3.3. As probas de certificación do nivel intermedio B2 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel intermedio B2*, que pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia\\_informativa\\_especificacions\\_nivel\\_intermedio\\_b2\\_eoi\\_galicia\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_especificacions_nivel_intermedio_b2_eoi_galicia_2021.pdf) .

#### **1.4. Nivel avanzado C1**

1.4.1. As probas de certificación de nivel avanzado C1 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C1 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.4.2. No curso 2020-2021 administraranse probas de certificación de nivel avanzado C1 nos idiomas alemán, francés, español como lingua estranxeira, galego, inglés, italiano e portugués.

1.4.3. As probas de certificación do nivel avanzado C1 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel avanzado C1*, que pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia\\_informativa\\_especificacions\\_nivel\\_avanzado\\_c1\\_eoi\\_galicia\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_especificacions_nivel_avanzado_c1_eoi_galicia_2021.pdf) .

#### **1.5. Nivel avanzado C2**

1.5.1. As probas de certificación de nivel avanzado C2 terán como referencia o recollido para este nivel de competencia no *Marco europeo común de referencia para as linguas* e o currículo do nivel avanzado C2 publicado como anexo I do Decreto 81/2018.

1.5.2. No curso 2020-2021 administraranse as probas de certificación de nivel avanzado C2 nos idiomas alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués.

1.5.3. Estas probas administraranse unicamente para o alumnado presencial e o alumnado dos cursos CALC.

1.5.4. As probas de certificación do nivel avanzado C2 seguirán o disposto na *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación de nivel C2*, que pode consultarse no seguinte enlace:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia\\_informativa\\_especificacions\\_nivel\\_avanzado\\_c2\\_eoi\\_galicia\\_2021.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guia_informativa_especificacions_nivel_avanzado_c2_eoi_galicia_2021.pdf) .





## 2. ACCESO ÁS PROBAS

### 2.1. Alumnado de ensinanza libre

2.1.1. Poderanse matricular nas probas de certificación do idioma que cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan dezaseis anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2021.

2.1.2. Poderanse matricular nas probas de certificación dos idiomas que non cursaran como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan catorce anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2021.

2.1.3. O alumnado libre poderá matricularse nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das probas de certificación, previo pagamento dos prezos públicos correspondentes, sen que sexa requisito obter o certificado do nivel ou niveis anterior(es).

2.1.4. O alumnado que xa realizou estudos nunha escola oficial de idiomas en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2020-2021, deberá indicar esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula para que a escola onde se matricula como alumno/a libre solicite o traslado de expediente á escola de orixe.

### 2.2. Alumnado de ensinanza presencial

2.2.1. O alumnado presencial matriculado nun curso final de nivel terá que superar a proba de certificación correspondente para obter o certificado dese nivel que lle permita promocionar, se é o caso, ao nivel inmediatamente superior. Este alumnado non terá que facer os trámites anteriores, ao ter xa dereito á proba pola súa matrícula como alumnado presencial no curso.

2.2.2. O alumnado oficial que desexe realizar as probas de certificación de calquera idioma e nivel poderá matricularse nestas unicamente na EOI na que é alumno/a, de acordo co disposto no apartado 2.1 desta circular. Se o idioma do que desexa matricularse polo réxime libre non se impartise na EOI da que é alumno/a presencial, poderá matricularse excepcionalmente noutra escola que imparta esa lingua, indicando esta circunstancia coa súa solicitude de matrícula coa finalidade de que a dita escola solicite unha copia do seu expediente académico á escola de orixe.

### 2.3. Alumnado do programa *That's English!*

2.3.1. O alumnado do programa *That's English!* terá que superar a proba de certificación de nivel básico A2 ao remate do módulo A2.4 para acadar a certificación do dito nivel.





2.3.2. O alumnado que estea a cursar o módulo B1.2 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B1 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.3. O alumnado que estea a cursar o módulo B2.4, ou o módulo 12 do Plan 18 deberá superar a proba de certificación de nivel intermedio B2 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.4. O alumnado que estea a cursar o módulo C1.2 deberá superar a proba de certificación de nivel avanzado C1 para acadar a certificación do dito nivel.

2.3.5. Este alumnado non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

2.3.6. Os centros de apoio titorial deberán remitirle a relación de alumnado, co nome, apelidos, DNI e nivel que corresponda, aos centros de apoio administrativo respectivos para que as EOI onde vaian realizar a proba inclúan este alumnado nas probas de certificación de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 ou avanzado C1.

2.3.7. As probas de certificación do alumnado do programa *That's English!* realizaranse nos centros que figuran no anexo I desta circular.

## **2.4. Alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC)**

2.4.1. O alumnado dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) establecidos no artigo 5.1 da Orde do 18 de febreiro de 2011 que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular, indicando na aplicación web de matrícula o idioma e nivel do curso CALC que está a realizar.

2.4.2. O alumnado de nivel C2 destes cursos deberá realizar a matrícula de xeito presencial na EOI correspondente.

2.4.3. O alumnado procedente dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) que cumpra os requisitos de asistencia aos cursos e se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado, sempre que formalizase a matrícula na escola ou sección en que cursou o CALC e o indicase na aplicación web de matrícula. Para isto deberá presentar o documento da realización do dito curso, emitido polo CFR, onde conste que a persoa cumpre o citado requisito de asistencia. Este documento só terá validez para os efectos de matrícula e o alumnado que non o presente terá dereito unicamente á convocatoria de ordinaria.





2.4.4. As persoas candidatas procedentes dos cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) non terán que aboar os prezos públicos correspondentes ao concepto de matriculación por idioma, sempre que vaian realizar as probas de certificación do idioma e nivel correspondente por primeira vez. No caso de se matricularen por primeira vez nunha escola oficial de idiomas na Comunidade Autónoma de Galicia, estas persoas deberán aboar os prezos públicos correspondentes á apertura de expediente.

## **2.5. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)**

2.5.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que desexe certificar o nivel que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular.

2.5.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2020-2021 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico, polo tanto, se este alumnado se matricula noutro nivel ou idioma polo réxime libre, deberá aboar unicamente o concepto de matrícula por idioma en réxime libre.

2.5.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional as listaxes por idioma e nivel correspondentes ao alumnado de cada curso. A Secretaría Xeral facilitaralle a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e seccións, se é o caso.

## **3. MATRÍCULA NAS PROBAS**

A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/>

### **3.1. Prazo de matrícula**

O prazo de matrícula nas probas de certificación para o alumnado libre, incluído o profesorado que asiste aos cursos CALC e o alumnado procedente dos cursos CUALE,





será do 10 ao 26 de marzo de 2021, ambos incluídos. A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 26 de marzo.

### **3.2. Trámites de inscrición e aboamento dos prezos públicos correspondentes**

#### **3.2.1. Documentación**

A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice, nos horarios dispostos para o efecto, na secretaría da escola ou sección onde vai realizar a proba (agás nos centros indicados no punto 3.2.2 desta circular). Para formalizar a matrícula será necesaria a presentación na secretaría da seguinte documentación:

- O impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula, onde se indique(n) o(s) idioma(s) e o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
- O resgado do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, de 13 de xuño (DOG do 17 de xuño de 2013), polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Unha fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2021, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar, expedido polo centro onde estea matriculado, consonte o modelo do anexo II.
- Para o alumnado dos cursos CALC, o documento da realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre co requisito de asistencia.

A documentación presentarase preferiblemente por vía electrónica, de acordo co procedemento que estableza cada escola. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

3.2.2. A matrícula das probas de certificación para o alumnado libre poderase formalizar nas seccións das escolas oficiais de idiomas onde se vaian administrar estas, excepto nos centros seguintes: IES Manuel Murguía (Arteixo), IES Monte Castelo (Burela), IES Universidade Laboral (Culleredo), IES Xulián Magariños (Negreira), IES de Sar (Santiago de Compostela), IES Gregorio Fernández (Sarria), IES O Ribeiro (Ribadavia), IES de Celanova (Celanova), IES Blanco Amor (Ourense), IES Valle-Inclán (Pontevedra), IES de Rodeira (Cangas), IES Escolas Proval (Nigrán), IES Val do Tea (Ponteareas), IES Alexandre Bóveda (Vigo), IES Pedro Florianí (Redondela), IES de Melide (Melide) e IES Lama das Quendas (Chantada), onde non se recollerá ningunha solicitude, polo que a matrícula deberá formalizarse na sede da EOI da que dependa cada sección.





3.2.3. O pagamento da matrícula para as probas de certificación do alumnado libre non poderá ser fraccionado.

### **3.3. Alumnado con diversidade funcional**

3.3.1. De acordo co establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, no caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

3.3.2. O alumnado que precise condicións especiais para a realización das probas debido a algún tipo de discapacidade física ou sensorial, tales como discapacidade visual, parcial ou total, e algúns graos de discapacidade motriz e de hipoacusia, transtornos da fala, ou discapacidades múltiples deberá xustificalo mediante a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, deberá cubrir o formulario facilitado pola EOI (anexo III desta circular). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo IV.

3.3.3. En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

### **3.4. Incompatibilidades**

3.4.1. O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

3.4.2. Non se poderán examinar das probas de certificación dunha lingua aquelas persoas que participasen na súa elaboración ou no seu proceso de configuración final.

3.4.3. Así mesmo, o profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá matricular nas probas de certificación de ningún idioma na propia EOI en que imparte ou impartira docencia no curso 2020-2021, e, en ningún caso, se poderá matricular para realizar as probas de certificación do(s) idioma(s) que imparte en ningunha EOI de Galicia. No caso de profesorado interino ou substituto que estivera matriculado previamente nunha escola, este deberá solicitar o traslado de expediente a outro centro, ou ben poderá renunciar á matrícula.







3.4.4. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección no curso 2020-2021 non poderá matricularse nas probas de certificación polo réxime libre no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que poderá formalizar a súa matrícula noutra escola ou sección. No caso de árabe e ruso, por seren idiomas que se imparten unicamente na EOI da Coruña, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula polo réxime libre neses idiomas no dito centro.

### **3.5. Estatística**

Unha vez rematado o prazo de matrícula, e antes do 15 de maio, as EOI remitiranlle ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente unha estatística co número de matrícula por idioma, nivel e modalidade, separado por centros (sede central da EOI e seccións, se as houbese), consonte o anexo V desta circular. A estatística deberá incluír o número de tribunais previstos por idioma e nivel.

## **4. ESTRUCTURA, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN ÁS PROBAS**

4.1. Os equipos directivos das EOI garantirán que o alumnado de todos os réximes e niveis dispoña de información completa sobre a estrutura, contido, criterios de avaliación e cualificación de todas as probas, así como das condicións e prazos de reclamación sobre a súa cualificación.

4.2. Para isto, as escolas publicarán as instrucións establecidas nesta circular, xunto coas guías informativas e de especificacións das probas de certificación de cada nivel. Así mesmo, publicarán tamén as táboas de avaliación para as actividades de produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, mediación oral e mediación escrita, que se incluírán na guía de avaliación e cualificación que esta secretaría xeral enviará aos centros antes da realización das probas.

## **5. ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS**

5.1. As probas de certificación administraranse nas sedes das EOI e, se é o caso, nas súas seccións.

5.2. Para a súa correcta administración deberán terse en conta as guías de administración das probas de cada nivel que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional lles remitirá ás escolas oficiais de idiomas.

5.3. As probas de certificación para o profesorado dos cursos CALC realizaranse nas escolas onde se impartiron os cursos correspondentes, unicamente para o nivel ou niveis impartidos, e contarán con tribunais específicos para a súa administración e cualificación.

5.4. As EOI ou seccións onde non estean implantadas as ensinanzas correspondentes a un curso final de nivel non administrarán nesa escola ou sección as probas de





certificación polo réxime libre correspondentes ao dito nivel. Se estas ensinanzas están implantadas, as probas de certificación administraranse, aínda que o nivel non se impartira no centro na modalidade oficial no curso 2020-2021.

5.5. A cualificación da produción e coprodución de textos escritos, da mediación escrita, da produción e coprodución de textos orais e da mediación oral das probas será realizada por tribunais formados, polo menos, por dous membros do departamento correspondente. No caso de departamentos didácticos unipersoais, o Servizo de Inspección Educativa respectivo designará o profesorado que deberá desprazarse desde outra sede ou sección para a formación dos tribunais que garantan a correcta administración das probas.

## **6. CALENDARIO DAS PROBAS**

6.1. A convocatoria ordinaria das probas de certificación administrárase nas datas establecidas nos anexos VI e VII desta circular.

6.2. A Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial fixará o calendario da convocatoria extraordinaria coa antelación suficiente á data de realización das probas.

6.3. Para os niveis intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a parte escrita (comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, e mediación escrita) da convocatoria ordinaria das probas de certificación administrárase de acordo cos calendarios de administración que se achegan como anexos VI e VII a esta circular. Na convocatoria ordinaria a parte escrita das probas de certificación das distintas linguas terá lugar en distintas datas ou horas, na convocatoria extraordinaria as probas escritas ou orais de distintas linguas poderán ter lugar na mesma data e hora.

6.4. No caso de que, por razóns debidamente xustificadas e excepcionais por causas imputables ao centro, as probas de certificación non se puidesen administrar nos calendarios establecidos nos anexos VI e VII desta circular, a escola deberá informar e solicitar ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional a autorización para administrar a proba de reserva noutra hora e/ou data.

6.5. A parte escrita da proba dos niveis básico A2 e intermedio B1 de todos os idiomas realizarase ao longo do mes de xuño, na convocatoria ordinaria, de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse antes do remate do prazo de inscrición, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Excepcionalmente, de acordo coas necesidades das escolas, as probas destes niveis poderán realizarse na última semana do mes de maio, previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.





6.6. As datas da convocatoria extraordinaria dos niveis básico A2 e intermedio B1 fixaraas cada escola, de acordo coas indicacións da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, e coa antelación suficiente á realización das probas.

6.7. As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba, tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas. Con carácter excepcional e de acordo coas necesidades das escolas, poderán realizarse probas orais na última semana do mes de maio, ou na última semana do mes de xuño (para o alumnado libre dos niveis B2 e C1 de galego e inglés), previa autorización do servizo de inspección educativa correspondente.

6.8. A EOI da Coruña establecerá o calendario de realización das probas de certificación de árabe e ruso. A EOI de Vigo establecerá o calendario de realización das probas de certificación de nivel intermedio B2 de xaponés.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema





## ANEXO I

### **CENTROS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO PROGRAMA DE INGLÉS *THAT'S ENGLISH!***

**MÓDULO A2.4 : PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL BÁSICO A2**

**MÓDULO B1.2 : PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO B1**

**MÓDULO B2.4 : PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO B2**

**MÓDULO C1.2 : PROBA DE CERTIFICACIÓN DE NIVEL INTERMEDIO C1**

| <b>CENTRO DE APOIO TITORIAL</b>                 | <b>CENTRO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN</b>   |
|-------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| EOI da Coruña                                   | EOI da Coruña                                              |
| EOI de Ferrol                                   | EOI de Ferrol                                              |
| EOI de Santiago de Compostela                   | EOI de Santiago de Compostela                              |
| IES Agra de Raíces (Cee)                        | Sección EOI - IES Fernando Blanco (Cee)                    |
| IES Nº 1 (Ribeira)                              | Sección EOI - IES Nº 1 (Ribeira)                           |
| Sección de Carballo da EOI da Coruña (Carballo) | Sección de Carballo da EOI da Coruña (Carballo)            |
| IES de Melide                                   | EOI da Coruña                                              |
| EOI de Lugo                                     | EOI de Lugo                                                |
| EOI de Viveiro                                  | EOI de Viveiro                                             |
| IES San Rosendo (Mondoñedo)                     | EOI de Lugo                                                |
| EOI de Ribadeo                                  | EOI de Ribadeo                                             |
| EOI de Ourense                                  | EOI de Ourense                                             |
| IES Martaguisela (O Barco de Valdeorras)        | Sección EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)       |
| IES Xesús Taboada Chivite (Verín)               | Sección EOI - IES García Barbón (Verín)                    |
| IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)        | Sección EOI - IES García Barbón (Verín)                    |
| IES Carlos Casares (Viana do Bolo)              | Sección EOI - IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)       |
| EOI de Pontevedra                               | EOI de Pontevedra                                          |
| IES Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa (Lalín)    | Sección EOI - IES Ramón M <sup>a</sup> Aller Ulloa (Lalín) |
| EOI de Vilagarcía de Arousa                     | EOI de Vilagarcía de Arousa                                |
| EOI de Vigo                                     | EOI de Vigo                                                |



**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA  
 CURSADA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Don(a) .....,  
 secretario/a do centro .....,  
 con código de centro nº ....., na localidade .....  
 (provincia .....),

**CERTIFICO:**

Que don(a).....,  
 con DNI ....., está matriculado/a actualmente neste centro  
 no ..... curso das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, e que o  
 idioma que cursa como primeira lingua estranxeira é .....

Asino esta certificación por pedimento do/a interesado/a e para os efectos de  
 matrícula polo réxime libre na escola oficial de idiomas.

..... de ..... de 2021

V. e pr. do/a director(a)

O/A secretario/a

(Selo do centro)



### ANEXO III

En cumprimento do establecido no artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo,<sup>1</sup> no que se recolle que: *No caso do alumnado con diversidade funcional, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados terán que basearse nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.*

O/a alumno/a ....., con  
 DNI/NIE ....., domicilio en ....., código postal.....,  
 na rúa ....., núm ....., andar/porta .....,  
 teléfono....., correo electrónico....., matriculado/a  
 na modalidade libre para a PROBA DE CERTIFICACIÓN de nivel

- BÁSICO A2 de ..... no curso académico .....  
(ESPECIFICAR LINGUA)
- INTERMEDIO B1 de ..... no curso académico .....
- INTERMEDIO B2 de ..... no curso académico .....
- AVANZADO C1 de ..... no curso académico .....
- AVANZADO C2 de ..... no curso académico .....

Presenta a seguinte dificultade sensorial ou motora que lle impide desenvolver con normalidade a devandita proba:

.....

Para xustificalo, presenta os seguintes informes/certificados<sup>2</sup> emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade :

.....

Polo que **SOLICITA** que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

..... de ..... de .....

<sup>1</sup> DECRETO 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

<sup>2</sup> Este documento non ten validez sen documentación xustificativa.



## ANEXO IV

### MEDIDAS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS

O artigo 11.6. do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia dispón que o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade se basearán nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes e que os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

O apartado 24 de Circular 3/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2020-2021 establece que se deberán adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización das probas.

De acordo co establecido no apartado 3.3 da Circular 1/2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan para o curso 2020-2021 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, este alumnado deberá solicitálo no momento da matrícula e achegar a documentación acreditativa, que o centro poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da xefatura territorial para as adaptacións pertinentes.

Unha vez recibido o informe do equipo de orientación específico, será labor do departamento correspondente, tras informar a comisión de validación de probas de certificación, adaptar as probas de xeito individual, atendendo as necesidades especiais de cada persoa candidata e consonte as medidas suxeridas a continuación.

En calquera caso, de acordo co disposto no artigo 3.9 do Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, o alumnado que necesite condicións especiais para a realización da avaliación de certificación non será dispensado da realización de ningunha das partes das que conste a proba, que será única para todo o alumnado.

#### **Medidas posibles de adaptación das probas para as persoas candidatas con necesidades especiais**

a) Persoas con deficiencias visuais e invidentes:

- Material da proba en escritura táctil (sistema Braille estándar).
- Material a tamaño ampliado.
- Prolongación do tempo de realización da proba (segundo as necesidades particulares).
- Reprodución dos medios de son coas pausas intermedias que sexan necesarias para responder as preguntas e para ditar, escribir ou mecanografar as respostas (*comprensión de textos orais*).

b) Persoas con discapacidade auditiva parcial ou total:

- Proba de *comprensión de textos orais* presentada mediante lingua de signos en vídeo.
- Intérprete de lingua de signos encargado/a e pagado/a pola persoa candidata.
- Aumento do volume na reprodución dos medios de son.

- Repeticións adicionais do texto oral.
- c) Persoas candidatas con trastornos da lectura e/ou escritura (disortografía):
- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).
- d) Persoas con trastornos da escritura (disgrafía):
- Prolongación do tempo da proba (segundo as necesidades particulares).
  - Utilización dun ordenador de sobremesa ou portátil exento de unidades de axuda.
  - Un/ha secretario/a, examinador/a, profesor/a escribe o texto que vai sendo ditado, consulta coa persoa candidata para asegurar a ortografía e, ao remate, entrega a esta o texto.
- e) Á hora de cualificar a proba oral das persoas candidatas con trastornos da fala haberá que considerar o grao da discapacidade.
- f) A realización da proba por parte das persoas candidatas con discapacidades múltiples é posible mediante a combinación de diferentes tipos de medidas.





ANEXO V

|                       |  |                   |  |
|-----------------------|--|-------------------|--|
| <b>NOME DA ESCOLA</b> |  | <b>LOCALIDADE</b> |  |
|-----------------------|--|-------------------|--|

**INFORME ESTADÍSTICO PROBAS DE CERTIFICACIÓN • CURSO 20..... – 20.....**

|                                 | NIVEL .....         |                |               |                |              |                |                 |
|---------------------------------|---------------------|----------------|---------------|----------------|--------------|----------------|-----------------|
|                                 | Alumnado presencial | Alumnado libre | Alumnado CALC | Alumnado CUALE | Alumnado TE! | ALUMNADO TOTAL | Nº de tribunais |
| Alemán                          |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Árabe                           |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Chinés                          |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Español como lingua estranxeira |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Francés                         |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Galego                          |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Inglés                          |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Italiano                        |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Portugués                       |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Ruso                            |                     |                |               |                |              |                |                 |
| Xaponés                         |                     |                |               |                |              |                |                 |
| <b>TOTAL</b>                    |                     |                |               |                |              |                |                 |



**ANEXO VI**  
**ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN**  
**INTERMEDIO B1, INTERMEDIO B2, AVANZADO C1 E AVANZADO C2**  
**CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2020-2021**

**CONVOCATORIA ORDINARIA (ALUMNADO PRESENCIAL, CALC, CUALE E LIBRE)\*\***

|                                                       |            |         |
|-------------------------------------------------------|------------|---------|
| Alemán - nivel intermedio B2                          | 3 de xuño  | 16:00 h |
| Alemán - nivel avanzado C1                            | 7 de xuño  | 16:00 h |
| Alemán - nivel avanzado C2                            | 16 de xuño | 16:00 h |
| Español como lingua estranxeira - nivel intermedio B2 | 8 de xuño  | 16:00 h |
| Español como lingua estranxeira - nivel avanzado C1   | 9 de xuño  | 16:00 h |
| Francés - nivel intermedio B2                         | 2 de xuño  | 16:00 h |
| Francés - nivel avanzado C1                           | 11 de xuño | 16:00 h |
| Francés - nivel avanzado C2                           | 14 de xuño | 16:00 h |
| Galego - nivel intermedio B2                          | 2 de xuño  | 10:00 h |
| Galego - nivel avanzado C1                            | 7 de xuño  | 10:00 h |
| Galego - nivel avanzado C2                            | 14 de xuño | 10:00 h |
| Inglés - nivel intermedio B2                          | 1 de xuño  | 16:00 h |
| Inglés - nivel avanzado C1                            | 4 de xuño  | 16:00 h |
| Inglés - nivel avanzado C2                            | 15 de xuño | 16:00 h |
| Italiano - nivel intermedio B2                        | 3 de xuño  | 10:00 h |
| Italiano - nivel avanzado C1                          | 11 de xuño | 10:00 h |
| Italiano - nivel avanzado C2                          | 16 de xuño | 10:00 h |
| Portugués - nivel intermedio B2                       | 1 de xuño  | 10:00 h |
| Portugués - nivel avanzado C1                         | 4 de xuño  | 10:00 h |
| Portugués - nivel avanzado C2                         | 15 de xuño | 10:00 h |

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.

Nas datas das probas de acceso á universidade (8, 9 e 10 de xuño) só se inclúe a parte escrita de español como lingua estranxeira e, na medida do posible, as escolas non fixarán probas orais das restantes linguas nestas datas.

**\*\* Agás o alumnado libre dos niveis B2 e C1 de galego e inglés, que realizará as probas nas datas establecidas no anexo VII.**





**ANEXO VII**  
**ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS • PROBAS DE CERTIFICACIÓN**  
**CALENDARIO DE REALIZACIÓN • CURSO ACADÉMICO 2020-2021**

**CONVOCATORIA ORDINARIA (ALUMNADO LIBRE DOS NIVEIS B2 E C1 DE GALEGO E INGLÉS)**

|                              |            |         |
|------------------------------|------------|---------|
| Galego - nivel intermedio B2 | 1 de xullo | 10:00 h |
| Galego - nivel avanzado C1   | 2 de xullo | 10:00 h |
| Inglés - nivel intermedio B2 | 1 de xullo | 16:00 h |
| Inglés - nivel avanzado C1   | 2 de xullo | 16:00 h |

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada EOI. Estas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas e cada EOI deberá publicar as datas, cando menos, cunha semana de antelación con respecto á realización da proba.

